

V “REGULAMENTO INSTALACIÓNS TÉRMICAS NOS EDIFICIOS”

Como complemento á circular colexial nº 119 de 30/07/2007, lémbrese que o 29 de agosto do 2007 publicouse no BOE, o R.D. 1027/2007 polo que se aproba o novo “REGULAMENTO DE INSTALACIÓNS TÉRMICAS NOS EDIFICIOS”; e o pasado 28 de febreiro de 2008 publicouse, no BOE nº 51, a CORRECCIÓN de erros do RITE.

Dito regulamento ten por obxecto establecer as esixencias do benestar e hixiene de eficacia enerxética e de seguridade que deben cumprir as instalacións térmicas fixas de climatización (calefacción - *obligatoria nos edificios de vivenda segundo o Decreto do Hábitat Galego* -, refrixeración e ventilación) e de produción de auga climatizada sanitaria nos edificios, e a súa aplicación quedará definida no proxecto do edificio.

(Os BOE's pódense descargar dende a seguinte dirección do Blog do CTE: <http://blogcte.coag.es/>)

DOCUMENTACIÓN EN PROXECTO:

Según o seu artigo 15, as instalacións térmicas reguladas no ámbito de aplicación do RITE, deben de adoptar unha das seguintes modalidades:

- Si a potencia térmica instalada > 70 Kw. se esixe **PROXECTO** (según o contido do seu artigo16).
- Si a potencia térmica instalada é maior de 5 Kw. e menor de 70 Kw. se esixe **MEMORIA TÉCNICA** (según o contido do seu art.16).
- Si a potencia térmica instalada é menor de 5 Kw., **NON NECESITA DOCUMENTACIÓN** xustificativa.

ENTRADA EN VIGOR

- _ O Real Decreto entrou en vigor ós seis meses da súa publicación, esto é o **29.02.2008**
- _ Polo tanto a partires desta data xa e de aplicación obrigatoria o **RITE 2007, nos proxectos de edificación sometidos a visado segundo o indicado a continuación:**

PROXECTOS EN PROCESO

En aplicación da disposición transitoria primeira **non será de aplicación** este R.D.:

- Aos edificios que á entrada en vigor (29.02.2008) estean en construción e aos proxectos que teñan solicitada licenza antes desta data.

Pódese concluír polo tanto que, este R.D. será de aplicación:

- **A tódolos proxectos presentados a visado a partires do 29.02.2008.**
- **A tódolos proxectos visados con anterioridade que soliciten licenza despois do 29.02.2008**

V

RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN

O 14 de febreiro de 2008 entrou en vigor o Real Decreto 105/2008, de 1 de febrero, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construcción e demolición.

En él recóllese o seguinte:

“Entre las obligaciones que se imponen al productor, destaca la inclusión en el proyecto de obra de un estudio de gestión de los residuos de construcción y demolición que se producirán en ésta, que deberá incluir, entre otros aspectos, una estimación de su cantidad, las medidas genéricas de prevención que se adoptarán, el destino previsto para los residuos, así como una valoración de los costes derivados de su gestión que deberán formar parte del presupuesto del proyecto.”

DOCUMENTACIÓN EN PROXECTO

No artigo 4:

“ Artículo 4. *Obligaciones del productor de residuos de construcción y demolición.*

.....

Apartado 1.

- a) Incluir en el **proyecto de ejecución** de la obra un estudio de gestión de residuos de construcción y demolición”

No Real Decreto aparece o contido esixido á documentación do proxecto.

No caso do **proyecto básico** estaríamos ao disposto no seu apartado 2 do artigo 4.

PROXECTOS EN PROCESO

En canto á aplicación do Real Decreto, informar do disposto na disposición transitoria única,

“Disposición transitoria única. *Régimen aplicable a las obras en tramitación o en ejecución.*

Este Real Decreto no se aplicará a los residuos de construcción y demolición de aquellas obras que, a la fecha de entrada en vigor del mismo, estén en ejecución, dispongan de licencia otorgada por la entidad local competente o la tengan solicitada, siempre que dichas obras se inicien en el plazo máximo de un año desde la entrada en vigor del Real Decreto.

Tampoco se aplicará este Real Decreto a los proyectos de obras de titularidad pública cuya aprobación se produzca en el plazo de un año contado a partir de la entrada en vigor de este Real Decreto.”

ENTRADA EN VIGOR

Dende o 14 de febreiro deste ano, xa está en vigor dito Real Decreto.

Polo que informamos aos señores Colexiados que os proxectos presentados a visado deberán xustificar na súa memoria o réximen de aplicación da norma e incorporar os apartados correspondentes.

A maior brevedade posible remitirase circular informativa ampliada e no apartado de utilidades incorporaranse os documentos para xustificar o seu cumprimento.